

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avales do Instituto Galego de Promoción Económica.

A Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, regula no seu título e capítulo II as garantías que pode presta-la Comunidade Autónoma, determinando no seu artigo 43, parágrafo 3, que os avales outorgados se documentarán na forma que regulamentariamente se determine.

A Lei 1/1994, do 30 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma, establece que o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) poderá conceder avales, dentro do límite máximo fixado, a aquellas empresas privadas, participadas ou non por este instituto, e para aquellas operacións que reúnan as condicións e cumpran os requisitos que se establezan por acordo do Consello da Xunta de Galicia por proposta da Consellería de Economía e Facenda. O citado acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Para os efectos do cumplimento específico de ámbitos preceptos legais e do exercicio da potestade regulamentaria que establece, así mesmo, a citada Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia na súa disposición derradeira segunda, díctase o presente decreto.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día quince de setembro de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º —Concesión de avales polo Instituto Galego de Promoción Económica.

A autorización que para a concesión de avales polo Instituto Galego de Promoción Económica se contén no artigo 45 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, segundo relación dada polo artigo 23 da Lei 1/1994, do 30 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma, levarase a cabo dentro das previsións que para o efecto conténan as leis anuais de orzamentos e nos termos previstos no presente decreto.

Artigo 2º —Destino dos avales.

1. Poderán ser destinatarias dos avales que se regulan neste decreto as pequenas e medianas empresas privadas, participadas ou non polo Instituto Galego de Promoción Económica que, tendo o domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia destinen integralmente os créditos e liñas de financiamento que se avalan á creación, ampliación, reconversión e reestructuración delas, dentro do plan económico-financeiro para o efecto elaborado.

As pequenas e medianas empresas non domiciliadas en Galicia poderán ser apoiadas para as mesmas finalidades, se destinan integralmente as operacións obxecto de aval ás unidades productivas situadas en Galicia.

2. Tamén poderán ser destinatarias de avales para as finalidades e cos requisitos a que se refire o número anterior aquelas empresas que, sen teren a condición de PEME, pertenzan a un sector considerado prioritario ou sexan obxecto dun plan de viabilidade segundo acordo en ámbolos casos da Comisión Delegada para Asuntos Económicos.

3. As empresas a que se refiren os números anteriores terán que presentar un plan económico-financeiro, elaborado por auditoría independente, do que resulte unha capacidade e dimensionamento suficientes para facer viable a súa continuidade.

4. Igualmente poderán avalarse aquellas empresas que propoñan operacións que por acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica resulten de especial interese socio-económico.

Artigo 3º —Garantías.

As garantías outorgadas polo instituto consistirán na prestación de aval ás empresas beneficiarias perante as entidades de crédito ou establecementos financeiros de crédito legalmente establecidos.

Artigo 4º —Obrigacións.

1. Os avales terán carácter subsidiario e obrigarán á Tesourería da Comunidade Autónoma polos importes determinados no correspondente contrato de aval só no caso de non podelos satisfacer o debedor principal ou primeiro avalista. Esta situación entenderase producida unha vez admitido a trámite xudicial o expediente de insolvencia. O contrato de aval poderá sinalar outras circunstancias, neste caso haberá de ser previamente autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

2. A renuncia ó beneficio de excusión previsto no artigo 1.830 do Código Civil concederase unha vez que, para cada caso, o acordase así o Consello da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro de Economía e Facenda.

Artigo 5º —Contía e prazo das garantías.

1. Os avales que conceda o Instituto Galego de Promoción Económica axustaranse ós seguintes límites cuantitativos:

a) Non excederán para cada caso do 5 por 100 da contía global establecida na lei de orzamentos de cada ano para os avales do Instituto Galego de Promoción Económica.

b) Garantirán a totalidade do principal dos créditos e demais liñas ou operacións financeiras destinadas a reconversión e reestructuración de empresas e o 70 por 100 nos destinados á súa creación ou ampliación. Respecto dos intereses aplicarase o que se determine no contrato de aval.

c) As operacións a que se refire o artigo 2º 4 poderán ser garantidas na súa totalidade.

2. A duración dos avales que conceda o Instituto Galego de Promoción Económica non excederá dos seguintes prazos:

a) 5 anos nos casos de reconversión e reestructuración de empresas; así como para os previstos no artigo 2º 4 deste decreto.

b) 7 anos para os supostos de creación ou ampliación de empresas.

3. Os límites a que se refiren os números anteriores poderán ser superados se así se establece por acordo do Consello da Xunta de Galicia por proposta do conxelleiro de Economía e Facenda.

Artigo 6º —Documentación dos expedientes de avales.

1. A solicitude de aval deberase presentar no Instituto Galego de Promoción Económica e virá acompañada da seguinte información e documentos:

a) Documentación acreditativa das circunstancias persoais do solicitante e tratándose de sociedades, da súa constitución e dos seus estatutos, así como das ampliacións de capital e outras modificacións que puidese experimentar e, se é o caso, copia simple da inscrición no Rexistro Mercantil.

b) Certificación do secretario do consello de administración na que figure a composición actual do consello, detalle de accionistas ou socios con participación superior ó dez por cento e valor dos recursos propios na data de peche do último exercicio.

c) Memoria das actividades, cambios de estructura e incidencias financeiras más importantes nos tres últimos anos, así como ~~relación~~ detallada do cadre de persoal, localización das instalacións, factorías e puntos de venda.

d) Balances de situación e contas de resultados nos tres últimos exercicios pechados e o estado de orixe e aplicación de fondos. As ditas contas e estados deberán estar asinados polo representante legal da empresa ou, se é o caso, xerente ou apoderado con poder bastante, así como o informe de auditoría referido ós tres últimos exercicios pechados realizado por auditor independente sempre que a sociedade pola lexislación mercantil estea obrigada a iso. En caso de que a sociedade non estea obrigada a auditá-las súas contas anuais, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá solicitar que aporte informe de auditoría sobre elas.

e) Plan económico-financeiro no que se conteña co suficiente detalle e precisión a análise e previsións das diferentes árees de actividade. O dito plan será elaborado por auditor independente.

f) Descripción dos bens e dereitos que componen o ~~amobilizado~~ da empresa, estean ou non afectados ó proceso de producción, coa súa valoración real de acordo cos criterios xerais de valoración e detalle das cargas

que soportan. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá esixir copia simple no Rexistro da Propiedad ou outros rexistros públicos no caso de bens e dereitos inscribibles e, en caso de non estaren rexistrados, declaración xurada pola que se manifesta que os ditos bens se encontran libres de cargas.

g) Copia, se é o caso, da documentación presentada para efectos da solicitude de suspensión de pagamentos.

h) Declaración tributaria dos tres últimos exercicios e certificación do estado actual das relacións coas fachadas central e autonómica e Seguridade Social.

2. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá solicitar da empresa ou de terceiros outras informacións ou documentos que considere convenientes.

Artigo 7º —Tramitación e formalización.

1. Os expedientes de avales serán concedidos e formalizados polo Instituto Galego de Promoción Económica de acordo co establecido neste decreto e, se for o caso, coas autorizacións e instruccións establecidos polo Consello da Xunta de Galicia.

2. As solicitudes de avales que non fosen resoltas no prazo de tres meses entenderanse desestimadas.

Artigo 8º —Comisión.

1. Os avales prestados polo Instituto Galego de Promoción Económica devengarán unha comisión o importe da cal se determinará en función da contía e prazo do aval así como dos custos dos avales no mercado financeiro. Poderase esixir antes da formalización ou posporse á finalización do mesmo, así como poderá ser pagada de unha soa vez ou por anualidades vencidas. En todo caso, a comisión anual non será superior ó 1% do importe do aval.

2. A comisión terá a correspondente aplicación no orzamento anual do Instituto Galego de Promoción Económica.

Artigo 9º —Garantías da empresa avalada.

O contrato de aval establecerá as condicións específicas e garantías que se lle esixirán á empresa avalada, xa sexan dos seus socios, doutras persoas ou da propia empresa. As garantías estableceranse en función do tipo e a natureza das operacións avaladas.

Se como consecuencia do seguimento e control que se efectuará durante a vixencia do aval fose notoria a diminución da solvencia do avalado, adoptaranse as accións precisas para reforzá-la eventual obligacións de reembolso.

Artigo 10º —Natureza xurídico-administrativa dos avales.

1. O contrato de aval polo que se instrumentan as relacións entre o Instituto Galego de Promoción Económica e o avalado terán natureza xurídico-administrativa.

2. No caso de que a Comunidade Autónoma de Galicia se vexa obrigada, en todo ou en parte, a ter que pagar polo avalado a cantidad garantida quedará subrogada automaticamente en todos os dereitos que a entidade

concedente do crédito ostente contra o avalado e poderá esixir deste o reembolso do pagado e as demais partidas a que se refire o artigo 1.838 do Código Civil, e poderá utilizar para o dito efecto o procedimento establecido no vixente Regulamento xeral de recadación para o cobro de débitos de dereito público non tributarios, empregando, se é o caso, a vía administrativa de constrinximento. O mesmo procedemento poderase utilizar para resarcirse de tódolos gastos consecuencia do exercicio das accións derivadas do contrato de aval.

Artigo 11º —Notificación das entidades financeiras.

A entidade financeira que concedese o crédito avalado deberálle notificar ó Instituto Galego de Promoción Económica calquera incumprimento do avalado respecto das obrigacións garantidas mediante aval.

Artigo 12º —Control interno.

1. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma exercerá o control interno a través dos seguintes procedementos:

a) Intervención previa, conforme determinan os artigos 95 e ss. da Lei 11/1992, do 7 de outubro, na aprobación dos expedientes de concesión.

b) Control financeiro permanente, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, na comprobación das aplicacións dos créditos avalados.

2. Con independencia do indicado no apartado anterior, o avalado comprometerase expresamente a facilitarle ó Instituto Galego de Promoción Económica a inspección e control verbo da comprobación dos investimentos ou destino dos fondos financiados co crédito avalado, así como a situación da solvencia da empresa, podendo, para tales efectos, verifica-los balances, contas de resultados e demais estados de libros contables.

Artigo 13º —Comunicación ó Parlamento e publicidade.

1. Trimestralmente daráselle conta ó Parlamento dos avales existentes, dos novos avales concedidos e, se é o caso, dos riscos efectivos ós que a Tesourería da Comunidade Autónoma tivese que fazer fronte.

2. Ós avales concedidos polo Instituto Galego de Promoción Económica daráselles publicidade no *Diario Oficial de Galicia* en canto á identidade do avalado e conta deles.

Disposicións derradeiras

Primeira.—O conselleiro de Economía e Facenda poderá dicta-las normas necesarias para a aplicación do que no presente decreto se dispón.

Segunda.—Este decreto entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, quince de setembro de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

do Instituto Galego de Promoción Económica en materia de concesión de avales, díctase o presente decreto.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dez de maio de mil novecentos noventa e cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-Apróbanse as seguintes modificacións nos artigos que se sinalan no Decreto 284/1994; do 15 de setembro, de regulación de avales do Instituto Galego de Promoción Económica:

1. Dáselle nova redacción ó número 4 do artigo 2º.

«4. Igualmente, poderán avalarse as empresas polas operacións ou actividades que resulten de especial interese socio-económico para Galicia, segundo acordo da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos».

2. Engádeselle un número 5 ó artigo 2º:

«5. Así mesmo, o Igape poderá reavalar diante das sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia e ata o 25% do risco que estas asuman como primeiras avalistas da operación, a aquelas empresas acollidas ós programas de fomento empresarial, que para tal fin se concerten entre o Igape e as ditas sociedades de garantía recíproca».

3. Dáselle nova redacción á letra b) do número 1 do artigo 5º:

«b) Poderán garantir ata o cento por cento do principal dos créditos e demais liñas ou operacións financeiras destinadas a reconversión ou reestructuración de empresas e ata o setenta por cento dos destinados á súa creación ou ampliación. Respecto dos xuros, aplicarase o que se determine no contrato de aval».

54. Engádeselle unha letra i) ó número 1 do artigo 6º:

«i) A proposta de concesión de crédito ou liña de financiamento de que se trate pola entidade ou entidades financeiras ante quen se prestaría a garantía solicitada».

5. Engádeselle un número 3 ó artigo 6º:

«3. Nos supostos a que se refiren os números 4 e 5 do artigo 2º, así como nos avales técnicos ou de similar natureza, o Consello de Dirección do Igape poderá eximi-lo solicitante da presentación daquela parte da documentación prevista no número 1 deste artigo, que non resulte relevante para a concesión da garantía solicitada».

6. Engádeselle un número 3 ó artigo 8º:

«3. Excepcionalmente, o Consello de Dirección do Igape poderá acordar que os avales que se presten ó abeiro do establecido nos números 4 e 5 do artigo 2º non devenguen comisión ningunha».

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 132/1995, do 10 de maio, polo que se modifica o Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avales do Instituto Galego de Promoción Económica.

Mediante a Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, e a Lei 1/1994, do 30 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1994, o Parlamento de Galicia autorizou ó Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a concesión de avales. Para o cumprimento de ámbolos dous preceptos dictouse o Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avales do Igape, marco regulamentario polo que se veu rexendo ata a data a concesión de avales polo dito instituto.

Considerando que as crecientes necesidades de financiamento do sector privado de Galicia aconsellan ampliar e diversifica-lo ámbito de actuación

7. Engádesele un parágrafo ó artigo 9º:

«Non obstante o anterior, cando se trate de avales concedidos ó abeiro do previsto nos números 4 e 5 do artigo 2º, o Consello da Xunta de Galicia poderá excepciona-la presentación de garantías».

Disposiciones derradeiras

Primeira.-O conselleiro de Economía e Facenda poderá dicta-las normas necesarias para a aplicación do disposto neste decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de maio de mil novecentos noventa e cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 10 de xullo de 1995 pola que se fai público o acordo da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos do 10 de maio de 1995 sobre criterios para a concesión de avais por parte do Igape.

A Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos na súa reunión do dez de maio de mil novecentos noventa e cinco, adoptou, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, o acordo que figura como anexo da presente resolución.

Coa finalidade de facilita-lo seu coñecemento e aplicación ordénase a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 1995.

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

ACORDO DA COMISIÓN DELEGADA DA XUNTA DE GALICIA PARA ASUNTOS ECONÓMICOS DO 10 DE MAIO DE 1995 SOBRE CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AVALES POR PARTE DO IGAPE

Os avais que o Igape poida conceder dentro da autorización máxima que conteñan as leis de orzamentos de cada ano e de acordo co previsto no Decreto 284/1994 do 15 de setembro de regulación de avais polo Igape, modificado polo Decreto 132/1995, do 10 de maio, polo que se modifica o Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape, distribuiranse, segundo o seu obxectivo e finalidade, do modo seguinte:

a) Ata un 30% do total autorizado en cada exercicio para apoiar plans de viabilidade de empresas.

b) Ata un 30% total autorizado en cada exercicio para apoiar accións que sexan consecuencia de plans e programas sectoriais de competitividade, así como aquelas que, con igual finalidade, poñan en marcha empresas ou grupos empresariais de especial interese socioeconómico para Galicia.

c) Ata un 40% para o apoio e promoción de novas empresas ou ampliación das existentes.

Para a aprobación de expedientes dentro das porcentaxes anteriores tomaranse en conta en todo caso os seguintes criterios:

—Para os expedientes a que se refiren as letras a) e b) do punto anterior, como mínimo o 85 e o 70% dos seus límites respectivamente, destinaranse a atender aquellas que se refiran a sectores, empresas ou grupos empresariais sobre os que a Comisión Delegada para Asuntos Económicos teña adoptado acordo para apoiar a súa viabilidade ou competitividade, sempre que os avais acordados estean integrados dentro

dunha actuación ou programa conxunto no que, ademais dos compromisos empresariais e sociais precisos, se inclúen outras accións de apoio do sistema productivo de Galicia a levar a cabo polas administracións públicas.

—Para as actuacións a que se refire a letra c) do punto anterior, as solicitadas de proxectos a financeirar polo INESGA serán prioritarias a calquera outra. Neste sentido procurarase deixar liña dispoñible suficiente por dar cobertura ás expectativas de proxectos que en cada momento poidan preverse.

—As porcentaxes anteriormente sinaladas poderán ser modificadas por resolución do presidente do Igape dentro do límite máximo autorizado para cada exercicio pola Lei de presupostos.

Cando de acordo cos expedientes en curso se poida prever que as porcentaxes de cada grupo están cubertas pola aplicación dos criterios anteriores, procederse a arquichivar sen máis trámite as demais solicitudes comunicando esta circunstancia ós interesados.

Nos avais que concede o Instituto Galego de Promoción Económica, Igape, a garantía que se preste non excederá do 70% do crédito que se afiance.

Non obstante e logo de xustificación no expediente, cando se trate de operacións a que se refire a letra a) do apartado anterior, poderanse alcanza-los límites previstos no Decreto 132/1995 do 10 de maio, polo que se modifica o Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape.

Cando o Igape e as entidades financeiras comportan garantías de igual rango, a cobertura que estas proporcionen aplicarase, en caso de ser precisa a súa execución, en proporción ós riscos asumidos por cada parte na operación de que se trate.

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 302/1999, do 17 de novembro, polo que se modifica o Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica.

En liña cos obxectivos marcados polos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001, subscritos entre a Xunta de Galicia e os distintos axentes económicos e sociais para asegura-la creación de emprego estable, a Xunta de Galicia considera oportuno profundar no seu apoio ó Sistema de Sociedades de Garantía Recíproca como instrumentos financeiros ó servicio das necesidades das pequenas e medianas empresas.

O Decreto 132/1995, do 10 de maio, que modificou o Decreto 284/1994, de regulación de avais do Igape, xa introduciu a posibilidade para o Igape de reavalar, ante as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia e ata o 25% do risco que estas asumisen como primeiras avalistas, aquelas operacións acollidas ós programas de fomento empresarial que para tal fin se concertasen entre o Igape e as sociedades de garantía recíproca.

Á vista da especificidade da natureza destas operacións de reaval, estímase conveniente establecer un procedemento independente para a súa aprobación.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de novembro de mil novecentos noventa e nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Dáse nova redacción ó punto 5 do artigo 2º do Decreto 284/1994, de regulación de avais do Igape:

5. Así mesmo, o Igape, renunciando ó beneficio de excusión, poderá reavalar, ante as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia, o risco que estas asuman como primeiras avalistas por aquellas operacións acollidas ós programas de fomento empresarial que para tal efecto se aproben.

Artigo 2º

Engádese un punto 3 ó artigo 4º do Decreto 284/1994, de regulación de avais do Igape:

3. Nos avais contemplados no punto 5 do artigo 2º deste decreto, será o Igape quen responderá dos fallos que se é o caso se produzan, con cargo á dotación orzamentaria para tal efecto habilitada.

Disposición adicional

Facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para regular mediante orde os requisitos e procedementos de concesión dos avais establecidos neste decreto, a porcentaxe máxima de risco avalado e

o sistema de recuperación de falidos. Así mesmo, mediante orde da Consellería de Economía e Facenda poderase habilita-lo Igape para que concerte coas sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia os convenios de colaboración oportunos para implementar este sistema.

Disposición final

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezasete de novembro de mil novecentos noventa e nove.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 27 de agosto de 2009 pola que se desenvolve o número 5º do artigo 2º do Decreto 284/1994, que regula a concesión de avais polo Instituto Galego de Promoción Económica.

Como consecuencia da actual situación de crise financeira global, as empresas galegas están atopando dificultades na obtención de financiamento operativo.

O Decreto 302/1999, do 17 novembro, polo que se modifica o Decreto 284/1994, de regulamento de avais do Igape, permítelle a este, renunciando ao beneficio de excusión, reavalar, ante as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia, o risco que estas asuman como primeiras avalistas por aquellas operacións acollidas aos programas de fomento empresarial que para tal efecto se aproben, e habilita o conselleiro de Economía para regular mediante orde os requisitos e procedementos de concesión dos ditos avais, a porcentaxe máxima de risco avalado e o sistema de recuperación de fallidos.

Adicionalmente, o dito decreto faculta a Consellería de Economía e Facenda, actualmente denominada Consellería de Economía e Industria, para habilitar o Igape, mediante orde, para que concerte coas sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia os convenios de colaboración oportunos para implementar este sistema.

En virtude do exposto,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1.1. O Igape, de conformidade co establecido no número 5 do artigo 2º do Decreto 284/1994, segundo a redacción dada polo Decreto 302/1999, do 17 de novembro, poderá reavalar, con renuncia ao beneficio de excusión e ante as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia (SGR), o 25% do risco dos créditos ou préstamos de que sexan primeiras avalistas en operacións formalizadas polas pequenas e medianas empresas que se acollan ás liñas de financiamento apoiadas polo Igape previstas para tal efecto. As bases reguladoras das axudas do Igape determinarán as condicións e o réxime de tales reavais, que respectarán o contido desta orde.

1.2. En ningún caso, o reaval do Igape sumado a outras achegas de organismos públicos ou dependentes da Administración poderá superar en cada operación o 75% do risco asumido pola SGR.

1.3. O prazo de vixencia do reaval do Igape non superará os límites establecidos no Decreto 284/1994 que os regula.

1.4. O Igape publicará unhas bases reguladoras da concesión dos seus reavais, respectando o contido nesta orde. As relacións entre o Igape, as SGR e as entidades financeiras prestamistas derivadas da apli-

cación desta orde instrumentarase mediante a sinatura do correspondente convenio de colaboración.

1.5. O Igape poderá conceder operacións de reaval ata o esgotamento do límite de risco previsto no artigo 5.1.

Artigo 2º.-Requisitos e procedemento de concesión.

2.1. Poderán presentar a súa solicitude pequenas e medianas empresas domiciliadas en Galicia que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 284/1994, de avais do Igape, e que xa teñan previamente aprobada unha operación a reavalar por unha entidade financeira colaboradora. Esta operación que se vai reavalar non poderá ser utilizada para substituír créditos bancarios preexistentes na mesma entidade financeira.

2.2. Unha vez presentada no Igape, a solicitude será remitida á sociedade de garantía recíproca correspondente, para os efectos da valoración do risco. A SGR formulará a súa posición ao Igape no prazo dos 15 días hábiles seguintes ao traslado da solicitude. No caso de non recibir resposta pola SGR no citado prazo, o Igape entenderá que a operación foi denegada.

2.3. Unha vez que a sociedade de garantía recíproca formule a súa posición, a solicitude será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos á operación declarados nela. Unha vez avaliada a solicitude, a Dirección da Área de Financiamento elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, que resolverá por delegación do Consello de Dirección.

2.4. As resolucións serán notificadas aos solicitantes e comunicadas ás entidades financeiras e ás SGR.

2.5. Na resolución de concesión do reaval farase constar o importe do préstamo ou crédito, o seu prazo de vixencia e carencia e o importe de axuda en forma de garantía polo reaval que se prestará á SGR. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

2.6. Non será necesaria a formalización contractual do reaval, abonda para obrigar o Igape e a entidade beneficiaria do reaval a resolución de concesión e a formalización do aval coa SGR. A póliza de aval que se formalice entre a SGR e a empresa avalada deberá facer constar a existencia do reaval do Igape e as súas características.

2.7. No caso de non formalizarse a operación reavalada no prazo de dous meses desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda do Igape, ditarase resolución que dea o solicitante por renunciado e ordene o arquivo do expediente. Para o cálculo destes prazos observarase a información de seguimento remitida polas entidades financeiras.

2.8. Mientras o Igape non lle notifique o contrario ás sociedades de garantía recíproca colaboradoras, poderán formalizarse operacións anticipadamente á resolución de concesión do Igape, co límite global de operacións formalizadas pendentes de resolución para cada sociedade de garantía recíproca que o Igape estableza. Nestes casos, se as condicións formalizadas na operación non coinciden cos termos da resolución do Igape, deberá procederse á oportuna adaptación mediante

anexo á póliza e modificaranse as condicións para quedar axustadas á resolución. En tanto non se reciba a resolución do Igape, a SGR poderá requerir a retención do 25,5% do préstamo ou crédito en depósito peñorado ao seu favor, para que no suposto de denegación por parte do Igape poida ser utilizado para o cobramento dun 3% en concepto de comisións de aval e co 22,5% restante poida constituír unha garantía líquida en substitución do reaval do Igape inicialmente previsto.

Artigo 3º.-Procedemento en caso de execución dos reavais do Igape.

3.1. En caso de falta de pagamento por parte do titular do préstamo reavalado polo Igape e tras un período de 180 días nos que tanto a entidade financeira como a sociedade de garantía recíproca efectuarán as oportunas xestións para a súa regularización, será suficiente o requerimento escrito da entidade financeira prestamista á SGR para que esta liquide o capital pendente de amortizar, máis os intereses de demora devengados, calculados a un tipo que non poderá superar en 4 puntos do tipo que establezan as bases reguladoras.

3.2. A SGR non aboará os xuros de demora se realiza o pagamento dentro do prazo de cinco días hábiles contados desde a notificación do requerimento escrito da entidade financeira.

3.3. Unha vez que a operación resultase fallida, a SGR deberá comunicarlle ao Igape tal circunstancia nos trinta días naturais seguintes. O Igape recoñecerá cada mes as obrigas de pagamento correspondentes aos fallidos comunicados no mes anterior e procederá no mesmo momento ao pagamento das obrigas recoñecidas, con cargo os seus propios orzamentos.

3.4. As entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adquieren o compromiso de que a execución que se realice fronte aos bens e dereitos do prestameiro (coa excepción do aval da SGR) sexa conxunta, asumindo os gastos do proceso en proporción ao risco tomado e distribuíndo conxuntamente co Igape, na mesma proporción, o producto das recuperacións obtidas do debedor.

3.5. O Igape participará no recobramento da SGR proporcionalmente ao risco reavalado, unha vez deducidos os gastos do proceso por ela soportados. Este importe deberá ser ingresado no Igape ao final de cada ano, na conta que este designe. Se a SGR se adxudica en pagamento de débedas, bens ou dereitos coa intención de vendelos a un terceiro, xa sexa en virtude de acordos extraxudiciais (dacións en pagamento, cesión de bens, permutas, etc.) ou por procedementos xudiciais, as SGR reembolsaranlle ao Igape a parte dos importes obtidos na transmisión dos citados bens a un terceiro que lle corresponda proporcionalmente ao reaval do 25% do principal, ao final de cada ano e na conta que o instituto sinale.

Artigo 4º.-Información periódica. Custodia da documentación.

4.1. As SGR remitiranlle mensualmente ao Igape unha relación dos avais en vigor outorgados ao abeiro desta orde e detallarán cando menos, para cada un deles, os seguintes datos: empresa beneficiaria,

importe formalizado, risco en vigor, risco avalado por CERSA e, se é o caso, risco avalado por outras entidades, importe incuso en morosidade, provisións dotadas e, de ser o caso, importe considerado fallido.

4.2. As SGR terán que custodiar e ter á disposición do Igape toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión do reaval e a que reflicte as incidencias sobrevidas nas operacións reavaladas, durante un período de cinco anos desde a súa extinción.

Artigo 5º.-Dotación orzamentaria. Provisións e fondo de garantía.

5.1. Dentro do límite de risco establecido no parágrafo segundo do número un do artigo 36 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, o Igape poderá reavalar as operacións a que se refire esta orde no exercicio 2009 ata un importe que non excederá os 50 millóns de euros de saldo efectivo vixente. En exercicios futuros, o límite de reavais será fixado mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, dentro dos límites que establezan as leis de orzamentos.

5.2. No caso de que segundo a normativa contable aplicable fose precisa a dotación de provisións, o Igape participará nun 25% da dotación correspondente ao principal reavalado, minorando a dotación que debe efectuar a SGR.

5.3. O Igape, con cargo aos seus orzamentos, dotará tamén un fondo de garantía por un importe líquido non inferior ao 6% do risco reavalado vixente no 31 de decembro de 2009. En exercicios sucesivos, o fondo de garantía incrementarase en función da previsión de fallidos. En calquera caso, por parte do Igape, garántese a total cobertura polo risco comprometido.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria